



BASES PARTICIPACION NAS ACTIVIDADES FORMATIVAS ADULTOS **CURSO 2019-2020**

CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, TRANSPARENCIA, COOPERACIÓN E MOCIDADE

Artigo 1º.-Obxeto.

O programa de actividades formativas para adultos promovido pola Concellaría Participación Cidadá, Transparencia, Cooperación e Mocidade do Concello de Sada ten como obxectivo que os/as veciños/as de Sada participen en actividades de lecer e tempo libre coa finalidade de que poidan adquirir habilidades persoais e aprendizaxe de novas capacidades.

Artigo 2º.-Destinatarios/as.

Público en xeral (maiores de 18 anos)

Artigo 3º.-Requisitos.

Non ter débedas pendentes cos servizos económicos municipais. Poderá ser subsanada a débeda correspondente tendo que realizala antes do prazo de pagamento e sempre que haxa prazas vacantes.

Terán preferencia as persoas empadroadas no concello de Sada.

Artigo 4º.- Temporalización e lugar de realización.

- As actividades formativas adultos comezarán o martes día **1 de outubro de 2019** e finalizarán o **venres 29 de maio de 2020**.

Haberá períodos vacacionais nas seguintes datas onde non se impartirán actividades:

Nadal: Do 23 de decembro de 2019 ao 6 de xaneiro de 2020 (ambos inclusive)

Entroido: Días 24, 25 e 26 de febreiro de 2020

Semana Santa: Do 4 ao 12 de abril de 2020 (ambos inclusive).

- Lugar de realización das actividades formativas adultos:
 - Casas da Cultura das Parroquias.
 - Centros de Ensino Municipais.
 - OMIX Sada.

O concello de Sada reservase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, profesorado etc., que se consideren necesarias, ou anular algunha actividade por motivos organizativos.



Artigo 5º.- Inscripción para participar nas actividades formativas adultos

O alumnado inscrito en anos anteriores deberá realizar e presentar igualmente a documentación requerida. Non existe reserva de praza si participou nas actividades en cursos anteriores.

O alumnado deberá formalizar a inscrición das actividades a través das seguintes vías:

- **PRESENCIALMENTE** coa folla de inscrición que se facilita e debe ser entregada na Oficina da Xuventude.
- **CORREO ELECTRÓNICO**, descargando o formulario na paxina web municipal: www.sada.gal e enviándoa ao correo omixsada@gmail.com
- **ON-LINE** no formulario habilitado onde haberá que introducir os datos, cuxa ligazón estará na web municipal no apartado ACTIVIDADES FORMATIVAS ADULTOS (apartado Concellería de Participación Cidadá, Transparencia, Cooperación e Mocidade).

Artigo 6º.- Prazos

O prazo ordinario de **pre-inscrición** será:

- Do **2 ao 13 de setembro de 2019** (ambos inclusive) na OMIX en horario de 09:00 a 14:00. A través do correo electrónico e o formulario online, pódese enviar a calquera hora do día dentro desas datas.

A publicación da **listaxe provisional de admitidos e de agarda**, será o **19 de setembro**.

A **formalización definitiva** da inscrición será mediante a presentación do xustificante de pagamento de cada unha das actividades no prazo **do 19 ao 25 de setembro** (ambos inclusive) ben de forma presencial na OMIX en horario de 09:00 h. a 14:00 h. e de 16:00 h. a 18:00 h. ou no correo electrónico omixsada@gmail.com ata as 23: 59 h. último día do prazo.

A **non** formalización da inscrición neste prazo suporá a renuncia da praza, pasando o dereito ao seguinte en listaxe de agarda.

Prazo extraordinario: Sempre e cando haxa dispoñibilidade de prazas e a concellería considere que se pode incorporar novo alumnado segundo a dinámica de cada actividade.

Artigo 6º.- Solicitudes fóra de prazo.

Aquelas solicitudes presentadas fora do proceso inicial, iranse incorporando á lista de agarda correspondente. Cando queden prazas vacantes chamarase as persoas da lista de agarda, segundo o orden establecido na mesma.

As persoas que acepten a praza deberán formalizala mesma a través do ingreso correspondente e segundo o procedemento que se establece nestas bases.

A estes efectos só se darán novas altas por cuatrimestre.



Artigo 7º.- Sorteo público e grupos de actividades a realizar.

Para que as actividades formativas adultos se poidan realizar terá que haber un **mínimo de 8** solicitudes no momento da preinscrición. O máximo de alumnos para participar nas actividades en ningún caso poderá exceder de **20 participantes**, aínda que os grupos poderán ser máis reducidos si a actividade o require.

Naquelas actividades **onde a demanda sexa superior a oferta**, será preciso realizar un **sorteo**. O sorteo público, de ser o caso, terá lugar o día **18 de setembro** ás **12.00 horas** no local de actividades da OMIX.

Artigo 8º.-Prezos e períodos de pagamento:

Os prezos de aplicación para os/as participantes nas actividades formativas adultos 2019-2020 serán os que se establezan no informe de prezo público previa aprobación dos Servizos Económicos Municipais.

Establécense os seguintes prazos de pagamento:

O alumnado participante nas actividades formativas de adultos realizará o pagamento das cuotas de forma **cuatrimestral**.

1º Cuatrimestre (outubro, novembro, decembro e xaneiro). O alumnado con praza deberá realizar o pagamento entre os días **19 e 25 de setembro** (ambos inclusive) a través de ingreso bancario na conta: **ABANCA ES4020805161853110007604**. O xustificante de pagamento **deberá entregarse obrigatoriamente** na Oficina da Xuventude para ter validez a matrícula.

2º Trimestre: (febreiro, marzo, abril, maio) O alumnado deberá realizar o pagamento entre os días **20 e 27 de xaneiro** (ambos inclusive) a través de ingreso bancario. O xustificante de pagamento **deberá entregarse obrigatoriamente** na Oficina da Xuventude para ter validez a matrícula.

Artigo 9º.- Baixa na actividade

A **baixa na actividade** deberá presentarse **OBRIGATORIAMENTE** no rexistro municipal (á atención dos Servizos Económicos Municipais) mediante modelo “baixa da actividade”.

Non se considerará baixa na actividade si o/a alumno/a lle comunica de palabra ao profesor/a que non vai seguir asistindo ao curso.